



Resumo da Xunta de Persoal do mércores 16 de decembro de 2020

Asisten: STEG, CIG, CCOO, FETE-UXT, ANPE e CSIF

1. Actas pendentes de aprobación

Lense e apróbanse.

2. Centro de formación Xosé Rábade Arias

CCOO manifesta unha preocupación compartida polo resto de organizacións sindicais e xa denunciada tamén por STEG nas reunións precedentes pola situación deste centro.

Acórdase elevar un escrito á Xefatura Territorial, facendo fincapé na urxencia de adopción de medidas ao respecto do centro, esixindo tamén que se dea conta das medidas adoptadas ao respecto até o momento. Enviarase copia do escrito ao propio centro.

3. Transparencia nas prazas do EOE, alumnado de atención preferente

STEG manifesta o seu desacordo polo xeito de cubrir as prazas do EOE para o presente curso e lembra que este xeito irregular de proceder xa se deu no pasado, denunciándoo nesta mesma Xunta de Persoal.

Acórdase sinalar por escrito o desacordo da Xunta de Persoal con este xeito de proceder e esixir que este tipo de prazas, ao igual ca aconteceu no seu día coas prazas de atención de alumnado preferente se cubran conforme a criterios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

4. Equipos AVA provinciais

A falta de saber se finalmente se constituirían na provincia de Lugo os denominados equipos AVA para tratar o tema do absentismo laboral, o STEG expón o absurdo da situación: primeiramente, non tomar as medidas pertinentes que viñan demandando as organizacións sindicais para combater a pandemia (redución de ratios, aumento significativo do profesorado, máis recursos...) evitando así o absentismo e agora, meses despois de non tomar ningunha medida ao respecto, constituír equipos para “combater o absentismo”, querendo –até onde se nos informou- aplicar para a escolla das persoas que os conformen, procedementos contrarios aos criterios de publicidade, igualdade de oportunidades e transparencia.

Acórdase realizar un escrito conxunto manifestando o desacordo da Xunta de Persoal

5. Comedor do Ceip de Xermade

O STEG reitera a súa preocupación pola posibilidade de que este centro puidese ver retirado o seu servizo de comedor e incide na conveniencia de tomar medidas que garantan a continuidade dun servizo de comedor de xestión directa, que é un servizo esencial ademais, podendo abrir o ámbito de participación das familias do alumnado como persoal colaborador a familiares do alumnado que non convivan necesariamente baixo o mesmo teito.

Acórdase facer escrito en nome da Xunta de Persoal solicitando a continuidade do servizo e a adopción de medidas ao respecto.

6. Aula de 6º de Primaria do Ceip Veleiro Docampo

O STEG volve poñer riba da mesa unha demanda non atendida no comezo de curso, o non agrupamento de dous grupos de alumnas/os correspondentes ao 6º curso do Ceip Veleiro Docampo nun grupo só, tal e como agora están. Tómase esta medida nunha situación de pandemia e esta situación, que á administración lle serve para xustificar a inacción noutros ámbitos, aquí ignórase.

7. Avaliación de postos de traballo do persoal pertencente a grupos vulnerábeis fronte ao risco da covid-19 e actuacións da Inspección médica ao respecto.

Coméntase o nefasto desta xestión por parte da Consellería e hai consenso entre as organizacións en pedir datos ao respecto. O STEG comenta o que lle trasladou Canosa a STEG nunha reunión co Conselleiro, explicando que a meirande parte dos expedientes recibidos en todas as provincias por esta cuestión foron directamente remitidos a unha empresa externa, Cualtis, toda vez que as inspeccións médicas das distintas xefaturas carecían da titulación competetente que as habilitase a resolvelos correctamente. Malia iso, as organizacións sindicais teñen constancia de varias respostas negativas procedentes da inspección médica. Pasou 1 trimestre e apenas se ten información.

Peticións de vulnerabilidade fronte á covid-18 presentadas en Galiza:

420 coruña

107 Lugo

97 Ourense

199 Pontevedra

Independentemente do que se concrete na Mesa Sectorial ao respecto, **acórdase pedirlle á Xefatura Provincial número de peticións presentadas, cantas se resolveron favorabelmente e cantas non ou o estado das tramitacións, incidindo no desacordo coa actuación da inspección médica neste proceso e co feito de ter externalizado este servizo a unha empresa privada.**

8. Dotación de material informático aos centros

O presidente da Xunta de Persoal informa de que na última reunión á que asistira a Xefa Territorial fixera alusión a que se dispoñía dunha partida importante de equipos informáticos. Pero pasou o tempo e non se sabe de que consta esa partida, en que estado está, se chegou ou non aos centros e que criterios se seguirían para distribuila.

Acórdase realizar escrito da Xunta de Persoal interesándose por esta cuestión.

9. Peche do Ceip de Baamonde

Varias organizacións fanse eco do posíbel peche do Ceip de Baamonde, no que parece unha iniciativa do propio alcalde deste municipio para albergar alí unha escola municipal de música e enviar o alumnado (30 crianzas) a Begonte ou ben Guitiriz. Preguntada a Xefatura Territorial, afirma descoñecer que vai pasar.

O STEG amosa o seu desacordo co peche deste centro, máis aínda que sexa a alcaldía quen lidere este tipo de decisións e critica que a Xefatura Territorial non se posicione ao respecto. Enténdese dende o sindicato que a Xefatura debe defender a continuidade deste centro e non permitir inxerencias na xestión educativa, máis aínda para pechar un centro, co conseguinte efecto negativo sobre o rural.

A Xunta de Persoal acorda realizar un escrito pedindo a continuidade do mesmo e mostrando o seu desacordo totalmente contrario a esta posibilidade de peche.

Non habendo máis asuntos que tratar, péchase a reunión, sendo as 13:00 h.

Lugo, 16 de decembro de 2020